



DECRETO

Asunto: alta na Seguridade Social e formalización de contrato dun peón forestal en substitución de traballadora do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026

Expediente: 2026/E001/000001

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provisión, mediante o sistema de concurso-oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de cinco postos de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento: TR351G). (DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2026),

Visto o parte de IT da entidade Concello de Cabana de Bergantiños do periodo: 01/07/2026- 31/07/2026, que reflexa a unha incapacidade temporal da traballadora Dona María Consuelo Vázquez García con data do 23/06/2026.

Visto o artigo 17.2 da Orde de convocatoria do 22 de xaneiro de 2026, que indica que no suposto de baixas temporais que se prevea dunha duración superior a 30 días, será posible a substitución logo da autorización expresa do departamento territorial da Coruña, por solicitude fundamentada da entidade contratante. Vista a autorización expresa, con data do 13/07/2026, do departamento territorial da substitución da traballadora dona María Consuelo Vázquez García nos termos e condicións establecidos na normativa aplicable.

Visto o decreto núm 341/2026 do 16/07/2026 de nomeamento de 1 peón forestal por substitución de traballadora en situación de IT e visto que o adxudicatario presentou en forma e prazo a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula décima das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato, como peón forestal en substitución da traballadora Dona María Consuelo Vázquez García para o programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026 ao seguinte candidato seleccionado e nos termos seguintes:

Nº	APELIDOS E NOME	NIE
1	EL BOUSSIDI El Habib	***3347**

-Tipo de contrato: contrato de traballo na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405) a xornada completa.

-Data de inicio de contrato: 21 de xullo de 2026

-Data de fin de contrato: alta da traballadora substituída.

-Horario: xornada partida (mañá: 08.30-13:00, tarde: 14.30h-18:00h)

SEGUNDO: publicar no taboleiro de anuncios electrónico do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección.

TERCEIRO: trasladar esta resolución ao departamento de intervención e tesoureiría.

CUARTO: trasladar esta resolución na próxima sesión plenaria do Concello.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Dou fe,

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

A SECRETARIA

Ana María Reyes Cambre